

# Letras Galegas 2009

# Ramón Piñeiro




XUNTA DE GALICIA

## Letras Galegas 2009: Ramón Piñeiro

Esta proposta didáctica ten como obxectivo principal implicar e proporcionar recursos para o profesorado e o alumnado na celebración do Día das Letras Galegas, dedicadas este ano a Ramón Piñeiro.

É unha proposta aberta dirixida ao profesorado de educación infantil e educación primaria na que subxace o principio metodolóxico de que calquera tarefa se pode desenvolver en calquera nivel educativo, todo dependerá da complexidade que se lle confira. Cada mestra ou mestre será o encargado de adaptar, propoñer e dirixir o seu alumnado no desenvolvemento desta proposta.

O fío condutor e xerador das diferentes actividades é un total de 15 carteis que conforman a exposición, acompañados de diversos textos que fan referencia á biografía e á obra do autor homenaxeado. Estes van, polo xeral, acompañados dunha serie de textos de ou sobre Ramón Piñeiro que permiten ampliar a información e afondar no coñecemento do autor. Nalgúns casos, os xeradores de actividades son os carteis da exposición, noutros son os textos e noutros o cartel e un texto, dependendo da temática e da relevancia do tema que tocan.



De ti sabemos que:

Naciches o 31 de maio de 1915 en Armea, Láncara (Lugo). O mesmo ano ca Xosé María Álvarez Blázquez, no ano en que Albert Einstein presenta a súa Relatividade xeral e D. W Griggith a súa teoría da relatividade controvertida película *O nacemento dunha nación*, acabada de iniciar a Primeira Guerra Mundial (1914-1918).

### Textos e actividades

• Este primeiro cartel debería servir para contextualizar o nacemento de Ramón Piñeiro, nun tempo, nun lugar e nunha época determinada. Para iso, o alumnado realizará unha indagación sobre o que ocorreu no mundo o ano no que naceu R. Piñeiro. Pódese empregar como material de apoio a Galipedia: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Galipedia>.

A observación do conxunto dos carteis serve de punto de partida para indagar sobre os aparellos e tecnoloxías que existían naquela data e a súa repercusión nun xeito de vida diferente, en contraposición co momento actual.

• O labor de investigación do alumnado complementarase cunha mesa redonda na que se conviden ao centro persoas maiores que relaten de viva voz as súas vivencias e a visión dos cambios producidos na sociedade.

### TEXTO 1

Esta afección de Ramón Piñeiro a ler os periódicos e a capacidade sintética que lle permitía presentar con claridade os problemas, creou un curioso costume. Os domingos, despois da misa, no adro da igrexa, xuntábanse os paisanos da parroquia, que sometían ao rapaz a un longo e exhaustivo interrogatorio para saber que pasaba en España e no mundo. As sesións non eran meramente informativas, senón que Piñeiro expresaba tamén a súa opinión e con

frecuencia introducía elementos especulativos baseados na análise dos feitos, que por se ver confirmados ás veces posteriormente pola realidade, acabaron por outorgarlle a aquel rapaz a fama de listo.

Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Editorial Galaxia.

• A afección do Ramón Piñeiro neno pola lectura do xornal suxire traballar na aula o texto informativo e desenvolver unha secuencia didáctica sobre a prensa. Utilizaranse os xornais editados nos días próximos ás Letras Galegas.

### Traballamos o texto informativo: o xornal

A prensa é un texto informativo que fala sobre acontecementos sociais de actualidade. Se o fíxese sobre ideas ou obxectos, sería un texto expositivo. Propóñense as seguintes cuestións:

- 1 Efectuar un seguimento das noticias relacionadas co tema.
- 2 Comparar en diferentes xornais o seguimento e a importancia que se lle outorga a esta conmemoración: número de páxinas, número de artigos, lugar onde aparecen (portada, contraportada, suplemento, interior), tamaño da letra empregada nos titulares, número de columnas...

É conveniente que sexa o propio alumnado o que estableza os criterios. Pode realizarse na aula un remuíño de ideas para determinalos.

• O alumnado de educación infantil e de 1.º ciclo de educación primaria pode buscar imaxes, fotografías, palabras claves como Letras Galegas ou Ramón Piñeiro, sobre todo nos titulares; contar cantos artigos hai e tirar conclusións sobre a importancia que cada un dos xornais lle concede á data; se aparecen na portada, na contraportada, nun suplemento e que pode significar esa localización; se aparecen en seccións como cultura, sociedade, Galicia... En que sección a colocarían eles e por que?

• O alumnado de 2.º e 3.º ciclo, ademais de desenvolver a actividade anterior, realizará unha reflexión crítica sobre a veracidade e relación co real comparando cos datos biográficos que xa teñen ou contrastando con diversas fontes: referencias biográficas, enciclopedias, internet etc.

3 Imitando a Ramón Piñeiro: escoller unha noticia de interese persoal sobre calquera temática e relatárllela oralmente aos compañeiros e compañeiras do grupo, facendo unha análise crítica e achegando a propia opinión.

4 Realizar lecturas internivelares sobre a vida de Ramón Piñeiro. O alumnado de cursos superiores lerá nas aulas dos máis pequenos.

5 Escoller unha pasaxe da vida de Ramón Piñeiro e redactala en forma de noticia respectando a estrutura deste tipo de texto. A redacción dará resposta a que pasou?, cando?, onde?, por que? e como? A progresión da información: o acontecemento (que?, quen?); a súa precisión (cando?, onde?, como?) e as súas consecuencias (por que?). Deberán tamén terse en conta as propiedades e as características dos textos informativos e da linguaxe xornalística:

- VOCABULARIO: preferencia por termos da linguaxe cotiá. Preferencia por frases breves con estrutura suxeito - verbo - obxecto.
- FRASES IMPERSOAIS: a obxectividade coa que se deben tratar os feitos esixe o uso da 3.ª persoa e as oracións impersoais.
- VERACIDADE DOS FEITOS: datos concretos, obxectivos e incuestionables.
- LINGUAXE ESPECÍFICA: maniféstase na construción dos enunciados. Focalización das consecuencias no título. Explicitación da causa. Ausencia do artigo determinado.
- ASPECTOS SINTÁCTICOS: verbos en modo indicativo. Tempos: pretérito perfecto e presente para indicar simultaneidade ou proximidade no tempo, á vez que precisión do feito en relación co locutor.

•✎ USO DA VOZ PASIVA: é habitual na prensa, fronte a un uso moi restrinxido desta construción en textos narrativos de ficción ou descritivos.

•✎ SUXETOS NOMINAIS: en moitos casos con nome propio e uso das aposicións (*José Luis Rodríguez Zapatero, presidente do goberno...*) tamén ausentes en textos narrativos de ficción ou descritivos.

•✎ etc.

Exemplos de pasaxes da vida de Ramón Piñeiro axeitadas para o desenvolvemento desta actividade son as seguintes:

### O tren

Polo serán fomos á estación de ferrocarril para tomar o tren a Lugo. Lembro, que estabamos agardando na plataforma, que detrás de nós había un montón de carbón e que o meu pai falaba cun coñecido del. Eu agardaba cunha curiosidade tensa por ver o tren.

Cando apareceu a máquina, tan grande, tan negra, bufando e correndo cara a nós, collín pánico e botei a correr sobre o montón de carbón. O meu pai tranquilizoume, explicándome que o tren non podía saír dos carrís. Subimos ao vagón cheo de xente, e eu ía un pouco intranquilo polo escachapelar das rodas e porque tiña a sensación, unha miga mareante, de que as árbores, as pontes e as casas corrían velozmente en dirección contraria á nosa. Todo aquilo era estraño e producíame unha impresión forte que ficou gravada na miña memoria.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia. (Adaptación).

### A luz eléctrica

No comedor había unha luz colgada do teito que non era un candil nin unha vela, as dúas luces que eu coñecía. Como eu a ollaba con asombro, explicáronme que era luz eléctrica, que non se acendía con lume e non se apagaba soprando. Foi para min unha grande sorpresa, e permitíronme comprobar esas características acendendo e apagando eu mesmo coa chave que estaba a carón da porta.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.

•✎ Estas noticias poden escribirse con escrituras convencionais ou non. Unha alternativa para a súa transcripción sería que o alumnado que xa escribe convencionalmente faga de escribente. Tamén é interesante que entre o alumnado fagan un intercambio dos textos para efectuar a revisión e propoñer melloras, reflexionando sobre ortografía, estrutura, claridade, veracidade etc.

•✎ Para desenvolver esta secuencia didáctica pódese empregar tamén a prensa dixital.




### Enderezos de interese:

<http://recursos.cnice.mec.es/media/prensa/bloque7/index.html>. Compilación con todo o que se precisa saber sobre a prensa.

<http://www.codigocero.com/buscadores/>. Prensa dixital galega e española.

•✎ Ao traballar a prensa na aula, é interesante facer co alumnado unha reflexión sobre o uso do galego neste medio. O buscador que vimos de citar permite acceder á edición dixital dos principais xornais galegos e casteláns. Poden formularse as seguintes cuestións:

- Indicar cantos xornais son galegos ou teñen edición galega.
- Cales non coñecían?
- Cantos están escritos integramente en galego? E en castelán?
- É frecuente empregar o galego en artigos de temáticas concretas. Se é así, en cales?
- É proporcional o uso da lingua galega e da lingua castelá na prensa?
- Cales poden ser as causas?



De ti sabemos que:

Con nove anos fuches vivir a Lugo, onde estudaches o bacharelato, para volver despois a Armea e máis tarde traballares en Sarria.

En 1932, de novo en Lugo para estudares o bacharelato superior, participaches na fundación das Mocidades do Partido Galeguista e fuches nomeado secretario de cultura. Alí coñeciches a Ramón Otero Pedrayo e, en 1933, a outros persoeiros do galeguismo político como Castelao e Alexandre Bóveda.

### Textos e actividades

- Os motivos empregados nalgúns dos carteis da exposición poden ser claramente o recurso empregado polo profesorado para iniciar diferentes propostas seguindo a metodoloxía de proxectos de traballo:
  - o A evolución do calzado (a partir dos carteis onde aparecen zocos).
  - o A evolución dos útiles e material escolar (a partir do cartel dos tableiros ou o das máquinas de escribir).
  - o A evolución da moeda (a partir dos carteis das moedas e billetes antigos).
- Esta é unha proposta aberta, na que serán os intereses de cada grupo de alumnas e alumnos os que marquen o desenvolvemento do proxecto. O traballo por proxectos<sup>1</sup> está directamente vinculado coa competencia "aprender a aprender". O principal obxectivo é ensinarlle ao alumnado a buscar información en textos expositivos, a seleccionala, a organizala e a transmitila a través de diferentes canles (compilación, exposición, relatorio etc.).

<sup>1</sup> No anexo expónse brevemente unha explicación metodolóxica do traballo por proxectos, así como unha bibliografía básica sobre o tema.

**Texto 2: diglosia/bilingüismo**

Deica entón –deica os seis anos– a miña lingua única fora a galega, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba castelán dento e fóra da escola e falábao con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber.

Eu tiña a vantaxe de que coñecía o castelán porque sabía ler ben e tamén sabía escribir. Non tiña dificultade intelectual para entender e aínda para falar elementalmente o castelán, que era unha situación privilexiada entre os nenos que estaban na idade de entrar na escola. Mais como a miña expresión espontánea e habitual se manifestaba en galego –o galego era o meu idioma–, o súpeto e ríxido cambio de lingua producía en min un sentimento de distancia psicolóxica. Ademais da autoridade da súa idade: a da lingua. A idade, o saber e as facultades propias da súa función dábanlle ao escolante unha superioridade natural dentro do noso mundo infantil. Pero a utilización ríxida dunha lingua distinta da nosa, dunha lingua que excluía a nosa, dáballe unha autoridade estraña, unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a superioridade persoal do mestre trataba de establecer a nosa inferioridade colectiva. E non só a nosa inferioridade en canto escolares senón a inferioridade nosa en canto galegofalantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén os nosos pais, os nosos irmáns e familiares, os nosos veciños, a todo o que era o noso mundo propio.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia.

➡ Despois de buscar no dicionario o significado das palabras diglosia e bilingüismo, o profesorado pode guiar o seu alumnado nunha charla- debate na que se aborden as seguintes cuestións:

- o Relatar se houbo algunha situación na que se sentisen como Ramón Piñeiro respecto da lingua que empreguen habitualmente.
- o Quen pensan que sofre máis habitualmente esa situación en Galicia: os galegofalantes ou os castelanfalantes.
- o Situación actual da lingua galega.



De ti sabemos que:

Falaches de luz e sombras na túa filosofía, escolmando a Rosalía e afondando nas raíces da nosa lírica e da historia do pensamento, para aprender a coñecer mellor a Galicia e os galegos, máis alá das aparencias, afondando na caverna das ideas.

### Textos e actividades

➤ O desenvolvemento tecnolóxico dos últimos decenios provocou que moitos dos útiles, obxectos e aparellos empregados habitualmente nos fogares galegos perdesen a súa razón de ser ou sufrisen unha transformación tal que resulte irrecoñecible a funcionalidade coa que foron creados. Un exemplo é a caldeireta que aparece neste cartel.

Para descubrir estas transformacións, o profesorado guiará a organización dunha exposición con materiais achegados polas familias do alumnado, polo profesorado e por persoas do contorno da escola.

Debe etiquetarse cada obxecto especificando o nome, o uso habitual, se evolucionou ou desapareceu, en que lugar se gardaba, material con que se elaboraba, se era artesán ou non, procedencia etc.

A exposición servirá, así mesmo, para un estudo do léxico: aprendizaxe de termos descoñecidos para o alumnado e distintas maneiras de nomear os obxectos (p. ex.: caldeireta ou leiteira), segundo a zona e segundo a xeración que o empregaba.



De ti sabemos que:

En 1934 participaches no Mitin das Arengas realizado na compostelá praza da Quintana o 25 de xullo e, en 1936, chegaches a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de autonomía de Galicia.

### Textos e actividades

➡ En distintos momentos, ao longo da exposición, aparecen caricaturas e retratos do homenaxeado. Tamén pode ofrecérselles aos nenos e nenas unha fotografía de Ramón Piñeiro, a súa caricatura, feita por Siro, e o cadro pintado por Antón Pulido que se atopa no Consello da Cultura Galega. Todas estas imaxes son facilmente localizables en: Google>imaxes>Ramón Piñeiro. Con elas farase algunha ou a totalidade das seguintes actividades:

- 1 Comparar as tres imaxes (fotografía, retrato e caricatura), reflexionando sobre as diferentes técnicas empregadas, as semellanzas e as diferenzas, as cores, o encadre, os trazos etc.
- 2 Elaborar unha nova imaxe refundindo partes das tres anteriores nunha composición.
- 3 Elixir unha das tres imaxes e relatar oralmente ou describir de xeito escrito (con escrituras convencionais ou non) por que a prefiren e que sentimentos ou emocións lles provoca: pola cor, polo xesto, polo que saben do escritor, polos recordos que lles trae...
- 4 A partir de fotografías de Ramón Piñeiro, debuxar caricaturas. Comparar o diferente resultado segundo os trazos que se acentúen máis ou menos. Expoñelas comparando as producións dos diferentes niveis.

5 Reproducir o cadro de Antón Pulido facendo cada alumna e cada alumno a súa interpretación artística persoal.

6 Completar a caricatura engadindo o corpo. Pódense empregar diferentes recursos ou técnicas: fotomontaxes, recortes de revistas ou xornais, debuxando etc.

7 Recrear diferentes escenarios, paisaxes ou situacións da vida de Ramón Piñeiro, empregando as técnicas citadas anteriormente ou outras e situar as producións da actividade anterior.



Nos seguintes enderezos web, pódese acceder a páxinas de banda deseñada e caricaturas:

<http://vello.vieiros.com/letras98/humor-lingua.html>


<http://www.culturagalega.org/bd/>

<http://kikodasilva.blogspot.com/>

<http://revistaretranca.blogspot.com/>

<http://www.xosetomas.es/>

<http://www.bdbanda.com/>



De ti sabemos que:

Tras o alzamento militar de xullo de 1936, te viches obrigado a loitar na Guerra Civil no bando nacional.

### Textos e actividades

#### TEXTO 3

Cando, o 18 de xullo daquel mesmo ano, se produciu o levantamento militar contra o goberno, Ramón Piñeiro participou como representante do Partido Galeguista na comisión asesora do gobernador civil en defensa da República. Dende o momento en que os sublevados tomaron o control da situación, o mozo de Lán cara estivo en perigo. En diversas ocasións tivo que esquivar, só ou coa axuda de compañeiros de estudos ou amigos da familia afectos aos rebeldes, a detención e a morte. Finalmente, cando chamaron a súa quinta, incorporouse a filas, pois servir no exército dos sublevados semellaba a única opción de protexer a súa vida.

Axiña descubriu que tampouco no exército estaba a salvo das denuncias e que, aos perigos normais da guerra, debía sumar os que derivaban da súa filiación política durante os tempos da República. Á súa insegura situación persoal uniu tamén Piñeiro a angustia que lle produciu comprobar como, a medida que se prolongaba o conflito bélico, as persoas que o rodeaban se ían insensibilizando e endurecendo. Agoniado ante a posibilidade de rematar coma elas caeu na depresión. Desta experiencia xurdiu, unha vez superada a enfermidade, o seu interese pola filosofía, na que Piñeiro buscou a resposta á actitude deshumanizada que vira xeneralizarse ao seu arredor nos tres anos de guerra.

Beatriz García Turnes, “Biografía de Ramón Piñeiro”,  
<http://www.realacademiagalega.org/letters/>

➡ Despois da lectura completa do texto anterior ou dalgún parágrafo seleccionado polo profesor, segundo os seus intereses, suxíreselle ao alumnado a busca de información e posterior posta en común sobre as seguintes cuestións:

- o Que significa Guerra Civil? Hai guerras que non sexan civís?
- o Cantos anos durou en España.
- o Ramón Piñeiro viviu a República, a Ditadura, a Monarquía e a Democracia. Buscar no dicionario o significado destas palabras e elaborar listaxes coas vantaxes e desvantaxes de cada unha desas situacións, argumentando por que.
- o Relacionar conflitos bélicos de actualidade ou da historia recente co sistema político e coa organización da xefatura de estado. Ex.: Serra Leona, Iraq, Xeorxia, Afganistán etc.
- o Investigar se algún membro da familia estivo na Guerra Civil, en que bando loitou, que recordos ten etc. Sería interesante efectuar unha charla-coloquio no centro escolar con estas persoas.



**Poden usarse os dicionarios dixitais:**

<http://www.digalego.com/>

[http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index\\_rag.html](http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index_rag.html)



De ti sabemos que:

Rematada a Guerra Civil, comezaches a estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Dende 1943, participaches na reorganización clandestina do Partido Galeguista no interior.

## Textos e actividades

Este é un dos carteis para os que se suxire desenvolver un proxecto de traballo sobre a evolución dos útiles escolares. Véxase a proposta no cartel 2.

Outra posibilidade que suscita a observación deste cartel é o traballo coa arte. Véxase a proposta no cartel 4.

### TEXTO 4

A universalización do sentimento de saudade parece contradicir a súa recoñecida condición de peculiaridade vivencial galego-portuguesa. Non obstante, resulta evidente que se a saudade é un sentimento ontolóxico, perceptivo da nosa singularidade individual, non pode ser exclusivo de ningún grupo nin de ningún ser humano, senón que lles ten que ser posible a todos os homes e grupos humanos. O que ocorre é que, no caso galego-portugués, polas razóns que sexan, esa posibilidade desenvolveuse máis ca noutras comunidades culturais, de tal xeito que chegou a constituír un dos seus trazos distintivos.

Beatriz García Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, Editorial Galaxia.

Aínda que o texto anterior pode resultar complexo para o alumnado de educación infantil e educación primaria, o profesorado pode propoñer actividades relacionadas coa saudade, característica moi relevante na obra de Ramón Piñeiro.

1 Buscar no dicionario o significado da palabra saudade.

2 Pedirlle ao alumnado que relate brevemente un momento da súa vida onde empregaría a palabra saudade ou algunha das súas variantes (soidades, saudades, señardade, morriña), para definir o seu sentir.

3 Buscar en diferentes textos, nos que acompañan esta proposta, en libros biográficos de Ramón Piñeiro, en xornais etc. a palabra saudade e elaborar unha composición poética xogando coas palabras das frases nas que aparece. Co alumnado de infantil e primeiro ciclo pódense realizar tautogramas. Exemplo: salta soa saudade semente sen silvas.

4 Realizar unha breve investigación sobre a etimoloxía da palabra saudade (do latín SOLITATE...).

5 Andrés Dobarro compuxo a canción: “Teño saudade”. Escoitala e ver se é a mesma idea de saudade que expoñía Ramón Piñeiro.

6 Ler o seguinte poema de Rosalía de Castro:

Algúns din: miña terra!  
Din outros: meu cariño!  
I este: miñas lembranzas!  
I aquel: os meus amigos!  
Todos sospiran, todos,  
Por algún ben perdido.  
Eu só non digo nada;  
Eu só nunca suspiro,  
Que o meu corpo de terra  
e o meu cansado espírito,  
a dondequer que eu vaia  
Van comigo

Rosalía de Castro, *Follas Novas*.

Rosalía de Castro e Luís Pimentel foron figuras relevantes para Ramón Piñeiro e para a súa idea de saudade. Buscarase unha breve información sobre estes autores:

- o Son autores contemporáneos? En que ano naceron?
- o Cando comezaron a escribir?
- o Que escribían: poesía, narrativa, ensaio...?
- o Citar o nome dalgunha das súas obras

• A lectura do poema de Rosalía permite introducir actividades lúdicas relacionadas cos textos poéticos. Para os cursos máis baixos, suxerimos a *caixa das palabras bonitas*. Esta actividade, ademais do achegamento poético, permitirá traballar a concordancia.

### Caixa das palabras bonitas

Elaborar a caixa das palabras bonitas e xogar a compoñer frases. Proceso:

- En tres caixas (canto máis bonitas esteticamente mellor) introdúcense tarxetas con tres categorías de palabras: substantivos, adxectivos e verbos, achegados por todos, mesmo se pode pedir a colaboración das familias.
- Extráese unha tarxeta da caixa dos verbos, dúas da caixa dos substantivos e unha da caixa dos adxectivos. Permite compoñer dúas frases. Elíxese unha, ilústrase e faise unha exposición coas producións de todo o alumnado.
  - o Exemplo: princesa (substantivo) chorar (verbo) bágoas (substantivo) fermosa (adxectivo):  
“A fermosa princesa choraba bágoas”, “Fermosas bágoas chora a princesa”.



A primeira escola de Ramón Piñeiro estaba na casa do Muiñeiro.



De ti sabemos que:

Fuches detido en abril de 1946 e permaneciches tres anos na cadea.

### TEXTO 5

Estiven na Dirección Xeral de Seguridade vinte e seis días, durante os cales me someteron a cinco interrogatorios dunhas tres horas de duración cada un. Afortunadamente non se produciron malos tratos físicos, aínda que en ocasións, supoño que para dobrigar a miña resistencia moral, mentres esperaba a miña quenda, deixaban aberta a porta dun cuarto contiguo, onde tiñan sentada unha cadeira, no medio e medio da habitación, a unha señora duns sesenta anos, á cal golpeaban brutalmente uns policíaos noviños que podían ser, pola idade, os seus fillos. O espectáculo era arrepianete. Logo souben que se trataba dunha señora socialista. O que non sabía daquela, o cal me tiña bastante desconcertado, era a razón de por que a policía me trataba dunha maneira tan distinta, incluso con certo respecto.


A razón coñecina despois. Como dixen, entre os detidos estaba o meu compañeiro de pensión Koldo Mitxelena, militante do PNV. En canto se produciu a detención púxose en marcha o eficaz aparato do nacionalismo vasco, que daquela contaba coa influencia que Aguirre tiña no Departamento de Estado americano, e de seguida se fixeron xestións a nivel diplomático para protexernos a todos os que fomos detidos xunto con Mitxelena.

O peor da vida do cárcere eran os fusilamentos, que naqueles anos se producían con frecuencia. Moitas veces, de madrugada, eramos espertados por un berro (“Compañeiros, que nos sacan”) e inmediatamente todos nos erguíamos no interior das celas e nos puñamos a petar ritmicamente con calquera obxecto contra as reixas ou as portas e as paredes, a xeito de protesta e despedida.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.  
(Adaptación)

➤ A partir da lectura do texto anterior, o profesorado pode propoñer cuestións como as seguintes:

- o Que significa “preso político”?
- o Ramón Piñeiro foi un preso político?
- o Ramón Piñeiro era coñecido como *Santiago* na clandestinidade. Con que sistema político tería que empregar ese alcume? Por que? Son sinónimos alcume e sobrenome?



Retrato de Piñeiro feito no cárcere por R. Bastif (1947).



De ti sabemos que:

Ao saíres do cárcere, te estableciches en Santiago, defendendo a loita cultural dos galeguistas “do interior”, preocupados por fornecer as xeracións novas do apego á cultura galega para preparalos para a transición democrática.

En 1950, fuches o director literario da acabada de crear Editorial Galaxia que axudaches a fundar, onde publicaches en 1953, xunto con outros autores, o ensaio *A saudade*.

## Textos e actividades

### TEXTO 6

... Quen realmente o sorprendeu foi Peña Novo. En primeiro lugar porque era a primeira vez que escoitaba falar galego nun acto público, pero tamén porque, tal como lle sucedera anteriormente cos artigos de Otero Pedrayo, o galego en que se expresaba aquel orador era completamente distinto do que el escoitara ata entón.

Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Editorial Galaxia.

### TEXTO 7

Cando a editorial Galaxia encetou a súa andadura, atopábase en desfeita a cultura en lingua galega. Eran os anos de persecución e de asaño, decorridos a partir do alzamento militar e da posguerra. O idioma non só estaba prohibido no cultivo literario, nos xornais e na vida pública, tamén se combatía en panfletos, e mesmo en artigos e conferencias, escritos ou falados polos adictos. Os rapaces que facían os estudos de bacharelato nada sabían da existencia dunha lingua galega culta nin dos escritores que a utilizaran nos seus libros na etapa prebélica. Mantíñase unha loita emberrada contra a fala do país, sen que existise posibilidade ningunha de a defender publicamente. Guindada fóra da literatura, da prensa, do

estudo, do ensino, da igrexa, da administración, estaba a ser perder nun baldío. Só lle quedaba o refuxio coloquial, familiar, no mundo aldeán e das xentes populares. É dicir, nos que a falaron de sempre, coa conciencia social da súa inferioridade fronte á castelá. Arrincando desta realidade comezou Galaxia a súa andaina, case na clandestinidade. Principiou, temesiñamente, a publicar cousas en galego, cunha mensaxe sintetizada en palabras simbólicas: o propio nome da editora, e o de Grial. Con andar paseniño e teimudo, íase perdendo o medo ao abouramento, ás interquincias da censura. Foron aparecendo traballos, libros, que chegarían a exercer un importante papel na traxectoria recobradora da cultura. Estábanse a vencer os atrancos, a gañar pasos na literatura, na consideración social da lingua.

Francisco Fernández del Riego, *A xeración Galaxia*, Galaxia. (Adaptación)

### TEXTO 8

Cando no ano 50 se funda a editorial Galaxia, son ben conscientes da necesidade de prestixiar o idioma e recuperar ámbitos de uso. Por iso lle conceden importancia ás traducións de ensaios como o de Heidegger, *Da esencia da verdade*, que Piñeiro fixo xunto a Celestino Fernández de la Vega, e co que pretendían acabar co prexuízo –ao que tamén contribuíu o lingüista Dámaso Alonso– de que o galego “só serve para facer poesías ou para lles falar aos labregos, pero é inepto para facer ciencia ou filosofía”.

O compromiso de Piñeiro coa causa da lingua en circunstancias adversas e o aproveitamento das escasas fendas que deixaba a ditadura apréciase no texto que redactou no ano 1954 con ocasión da VIII Asamblea Xeral da UNESCO que se celebraba en Montevideo. Para este foro elaborou un documento no que denunciaba a persecución que o franquismo exercía sobre a lingua galega e no que enumeraba as prohibicións que pesaban sobre ela: non se podían publicar revistas ou xornais culturais, non se podía empregar en conferencias e actos culturais, impedíase a tradución ao galego desde outras linguas, o galego deixábase fóra de todo o sistema educativo e da igrexa... A denuncia foi presentada polas asociacións galegas no exilio por motivos de eficacia e porque Piñeiro, por razóns obvias, non podía asinar ese escrito.

Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Galaxia, 2000, pp. 36-37.

• As actividades propostas para seguir, despois da lectura dos textos, teñen como obxectivo principal desenvolver habilidades de reflexión, argumentación, debate e indagación.

- o Nestes textos fálase de dous rexistros ben diferenciados da lingua: por unha banda, o rexistro coloquial e familiar e, pola outra, o rexistro culto. Efectuar na aula un remuíño de ideas no que determinen as características de cada un deles. En que situacións se emprega cada un?
- o Despois da lectura dos textos, debater e reflexionar sobre como pode intervir unha editorial no paso da lingua coloquial á lingua culta.
- o Que supuxo a creación da Editorial Galaxia?
- o Entrar na páxina web desta editorial e ver como é a distribución dos contidos. Que coleccións hai? Quen é o director? Quen forma parte do consello editorial?
- o Investigar sobre escritores actuais vinculados á editorial: Víctor Freixanes, Francisco Castro, Carlos Lema.
- o Buscar información sobre as editoriais que publican en galego.
- o Indagar sobre escritores galegos que publiquen en lingua galega e que sexan traducidos a outras linguas.
- o Argumentar cales serían as “razóns obvias” polas que Piñeiro non puido asinar o escrito que redactou.



Almanaque de Galaxia do ano 1975, no que a editorial celebraba o seu 25 aniversario.



De ti sabemos que:

En 1966 te trasladaches a Estados Unidos como profesor invitado da Universidade de Middlebury, en Vermont.

### Textos e actividades

É outro dos carteis para os que se suxire desenvolver un proxecto de traballo sobre a evolución da moeda. Véxase a proposta no cartel 2.

#### TEXTO 9

No ano 1963, cando a editorial levaba xa trece anos facendo o seu labor, suavizaba en parte a severidade anterior da censura, Galaxia conseguiu que se lle autorizase a publicación dunha revista, para o cal os seus dirixentes retomaron o nome de Grial, fundamentalmente porque o mesmo que sucedera ca editorial, con esa denominación pretendíase reafirmar a apertura cultural a Europa, xa que tanto Galaxia, coa evocación do “Camiño Francés”, como Grial, que se refería a unha lenda artúrica, eran dous símbolos da tradición cultural europea. Segundo Piñeiro, os catro obxectivos que se propuxo a revista, que en boa parte eran unha síntese da filosofía editorial, foron os seguintes: ser vehículo responsable da actividade cultural galega; ser vehículo da incorporación a Galicia da cultura universal, especialmente a europea; facer presente fóra de Galicia a imaxe da cultura galega; contribuír ao prestixio cultural da lingua galega tanto dentro como fora de Galicia.

Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Editorial Galaxia.


#### TEXTO 10

No plano concreto das realizacións, estes obxectivos cumpríronse amplamente. Durante vinte e cinco anos en que Grial foi dirixida por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, nas súas páxinas apareceron ensaios e estudos sobre os mais variados autores universais (Omar Kayyan, Platón, Esopo, Shakespeare, Kafka, Joyce, Saroyan, Heidegger, Italo Calvino, Paul Valéry, Albert Camus, Sartre, Anouilh...); déronse a coñecer traballos sobre tenias e figuras relevantes doutras culturas (Hamlet, Baudelaire, Borges, Thomas Wolfe, Miguel Torga, Freud, Zuribi, Chomsky, Alien Ginsberg...); difundíuse a revista nun número considerable de países estranxeiros, especialmente en universidades norteamericanas. No tocante ao prestixio cultural da lingua, Ramón Piñeiro diría que ese obxectivo “foi o resultado dunha semana de esforzos diversos; pero tamén estamos certos de que Grial tivo influencia positiva nese resultado”. Ó éxito de Grial, publicada de xeito ininterrompido durante máis de vinte e cinco anos e continuada na actualidade por un equipo de homes novos, resume cumpridamente o éxito do propio proxecto de Galaxia.

Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Editorial Galaxia.

🔗 O profesorado dirixirá o seu grupo de alumnas e alumnos no desenvolvemento das seguintes actividades:

- o Buscar o significado da palabra Grial.
- o Ler na aula a lenda artúrica á que fai referencia o primeiro texto
- o Cales eran os obxectivos da revista *Grial*?
- o Conseguir algúns exemplares da revista *Grial*. Revisalos e comentar a temática dos artigos publicados. Quen é o director? Quen forma o consello de dirección? Mirar o índice de colaboradores, contactar con algún deles e realizarlle unha entrevista para a revista escolar do centro.



De ti sabemos que:

O 25 de novembro de 1967 ingresas na Real Academia Galega, co discurso “A lingoaxe i as linguas”.

### Textos e actividades

- As autoras deste cartel recorreron a unha metáfora visual para representar a acepción da lingua como vehículo de comunicación, comparándoa co coche/vehículo.
- As metáforas visuais son imaxes que nos permiten realizar unha recreación, de xeito que se poida recoñecer o que se representa e, por extensión, comprender o seu propósito. Son unha convención gráfica específica da banda deseñada. Mediante elas represéntanse sentimentos, emocións ou sons en forma icónica, a través dun debuxo que nos remita a ese elemento.
- Para traballar a metáfora visual, o profesorado pode desenvolver a seguinte proposta, adaptándoa ao seu grupo.

- 1 Observar os carteis da exposición e localizar todas as metáforas visuais. En pequeno grupo, deberán descubrir o que as autoras dos carteis tentaron comunicar a través das metáforas. Posteriormente, realizarase unha posta en común das diferentes interpretacións.
- 2 Efectuar un estudo das metáforas visuais máis coñecidas. Por exemplo: lámpada acesa=idea xenial.
- 3 Revisar e recompilar en diferentes cómics algunhas das máis habituais.

4 Propoñer metáforas visuais para algúns dos seguintes conceptos relacionados coa vida de Ramón Piñeiro ou con outros elixidos polo alumnado:

- o Piñeiro e o galego
- o Cultivo da lingua galega
- o Mesa *camilla*
- o Galeguismo difuso
- o Condenado a morte
- o Revista *Grial*
- o Represión da lingua
- o A linguaxe e as linguas



Ramón Piñeiro ingresou na RAG o 25 de novembro de 1967



De ti sabemos que:

Influíches tamén cos teus contactos epistolares nos líderes culturais e políticos de todos os partidos que existían na clandestinidade galega, nos que agromaba o principio da democracia.

Na xa famosa mesa *camilla* da túa casa na zona vella de Santiago asesorabas a mocidade universitaria ao tempo que traballabas para que se imbuíse de galeguismo.

### Textos e actividades

🔗 O alumnado deberá buscar na biblioteca información sobre Ramón Piñeiro para comprobar se o cartel recolle toda a produción do autor.


#### TEXTO 10

En Galicia, algún pedantón traduce a filosofía alemana con ritmo de gaita, como en la Fundación Bernart Metge se vertía a los clásicos grecolatinos a una jerga que era más bien un “patois” gabacho. El teatro popular valenciano es gordo y picante como la cebolla; pero no pidan peras al algarrobo. El escritor que escribe en la Colección Grial de la editorial Galaxia de Vigo, o redacta versos en antañosa lengua de oc o en más arcaico vascuense, porque el castellano le parece tosco, infiel e inexpressivo, es un escritor que tiene faltas de ortografía con su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo.

Juan Aparicio: “Carta del Director”, en *Pueblo de Madrid*, o día 6 de xuño de 1951.

🔗 O profesorado pode propoñerlle ao seu grupo de alumnas e alumnos as seguintes actividades:

- 1 Comprobar na biblioteca de aula e na biblioteca do centro cantos fondos hai en lingua galega e cantos en lingua castelá. Efectuar un debate na aula e, se a conclusión é que a porcentaxe está descompensada, suxerirle á persoa responsable da biblioteca que tome medidas para resolver esa situación.
- 2 Elaborar unha listaxe das editoriais que publican en lingua galega.
- 3 Elixir os exemplares que estean editados en castelán e que ao alumnado lle gustaría que se editasen en galego. Escribir unha relación de todos eles e facerlle unha proposta argumentada, nunha carta formal, a algunha editorial para que os edite nesta lingua.



De ti sabemos que:

Cando chega a democracia, non deixas de defender a postura do “galeguismo difuso” (tinguir todos os partidos de galeguismo, en vez de ter un único partido galeguista), e formas parte do primeiro Parlamento autonómico, como deputado pola provincia da Coruña.

### Textos e actividades

- Realizar unha lectura comentada do seguinte texto, situando o autor no contexto histórico do momento:

#### TEXTO 11

Durante estes anos o grupo Galaxia tiña dous polos: por un lado Vigo, no que estaba a sede da editorial; por outro Santiago, onde Ramón Piñeiro entraba en contacto coas novas xeracións universitarias para atraelas cara ao galeguismo. Foi así como Piñeiro iniciou un labor socrático desde a súa célebre “mesa camilla”, no piso de Xelmírez 15, que se converteu nun símbolo daquela época. Polo seu domicilio pasaron unha procesión de persoas ás que atendeu con paciencia infinita procurando preparar os máis novos para a Galicia posterior á ditadura. A idea dunha Galicia diferente xerouse arredor desa mesa.

#### Unha primeira pata

*Consenso:*

Entendemento e comprensión entre as distintas sensibilidades ideolóxicas dentro do galeguismo porque hai unha arela común por riba das diferenzas: o benestar dos galegos e o vigor da súa lingua e cultura.

## Unha segunda pata

*Lealdade:*

Fidelidade á memoria e exemplo legado polos galeguistas represariados e exiliados.

## Unha terceira pata

*Compromiso:*

Entrega total a unha empresa: manter viva a identidade galega e recuperar o Estatuto de autonomía para Galicia.

## Unha cuarta pata

*Constancia:*

A pesar das diferenzas impostas polo franquismo, interesado en ocultar as conquistas do galeguismo na Segunda República, as ideas concibidas arredor desta mesa xermolaron o prestixio para a lingua e a cultura galegas.

## Fuste

*Unión:*

Se as necesidades son comúns, se os beneficios son para a maioría, unamos as forzas para entre todos termar dunha mesma idea.

➡ O texto fai referencia á famosa mesa *camilla* de Ramón Piñeiro. Despois da súa lectura, pódese dirixir o alumnado no desenvolvemento das seguintes actividades:


**1** Manuel Rivas escribe un artigo no diario *El País*, publicado o día once de xullo de 2007, titulado “A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick”. Localízalo na edición dixital do xornal e contestar as seguintes cuestións:

- o Por que define a mesa de Piñeiro como unha mesa cósmica?
- o En que consiste, segundo o autor, o piñeirismo?

- o M. Rivas fai referencia a mobiliario universal de vangarda: a cadeira de Wassily, o sofá *LC2* de Le Corbusier, a mesa escritorio de Marcel Breuer, a cadeira *Que alta está a Lúa* de Shiro Karamata, o urinario de Marcel Duchamp e a *Cama desfeita* de Trency Emin. Elixir unha destas pezas que menciona Rivas e investigar sobre ela. Quen é o creador? Con que motivo a deseñou? Por que é tan coñecida? Que ten de peculiar? Comercialízase?

**2** Coa información que ten de Ramón Piñeiro, o alumnado debe preparar en parellas ou pequeno grupo unha hipotética entrevista coas cuestións que lle gustaría poder debater/ preguntar se tivese a oportunidade de formar parte dun dos faladoiros ao redor da mesa *camilla*. Realizarase unha posta en común dos resultados.





De ti sabemos que:

Fuches un dos auténticos pais da primeira Lei de normalización lingüística de Galicia.

En 1985 recibiches a Medalla Castelao.

En 1983 fuches elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñaches ata o teu pasamento, o 27 de agosto de 1990, en Santiago.

### Textos e actividades

#### TEXTO 13

Aquela decisión que facía realidade o pacto de independencia que os galeguistas subscribiran co PSOE, situou a Piñeiro e os seus compañeiros nunha posición que co tempo os convertería en árbitros de moitas situacións parlamentarias conflitivas. No caso concreto da Lei de normalización lingüística, a súa tramitación por ponencia conxunta e a ulterior aprobación por unanimidade foi posible grazas a que toda a cámara confiaba na independencia dos galeguistas. O aplauso espontáneo e unánime de todo o Parlamento posto en pé cando un Piñeiro emocionado interviu desde a tribuna para glosar a importancia histórica do paso que se acaba de dar, foi o recoñecemento á longa traxectoria política dun home empeñado desde rapaz, cando descubriu o galeguismo na súa época de estudante de bacharelato, en dotar a Galicia dos instrumentos xurídicos que aseguran a defensa dos seus dereitos históricos.

Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Editorial Galaxia.

◆ Ramón Piñeiro, ademais de ser o responsable de redactar e defender a Lei de normalización lingüística ante a Cámara galega, participou na Lei da galegitude, onde se honra e recoñece a

masiva emigración galega como unha grande obra colectiva e onde se recoñecen os dereitos dos fillos e netos dos emigrados galegos en calquera país do mundo. En 1983 é nomeado primeiro presidente do Consello da Cultura Galega ata a súa morte, o 27 de agosto de 1990. O alumnado deberá buscar información sobre as seguintes cuestións.

- o Contido da Lei de normalización lingüística nos títulos xerais e no referente ao ensino.
- o Contido da Lei de galeguidade.
- o Que é o Consello da Cultura Galega e cales son as súas funcións?

🔗 1915-1932-1936-1943-1946-1950-1953-1954-1966-1967-1983-1985-1990 son datas importantes na vida de Ramón Piñeiro. Realizar unha cronobiografía e elaborar un relato dos acontecementos máis relevantes da súa vida. Pódense empregar como guía esas datas, os textos lidos, a información dos carteis e toda aquela información recompilada, sempre atendendo aos intereses do alumnado.



Ramón Piñeiro foi o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.



Os nenos e nenas do CRA Mestre Manuel Garcés de Tomiño escribímoslle cartas a Ramón Piñeiro, con inquedanzas sobre a súa vida ou sobre a nosa.

## Textos e actividades

### TEXTO 14

#### Carta a Fernández del Riego sobre a tradución de Heidegger

Lugo, 15 de febreiro de 1950

Temos o proxecto de traducir un texto filosófico ao galego para aniquilar dunha vez a tese insidiosa da Dámaso e outros, segundo o cal o galego só serve para facer poesías ou para lles falar aos labregos, pero é inepto para facer ciencia ou filosofía. Pensamos escoller un texto de Heidegger, por ser o filósofo de máis renome universal nestes tempos, e para darlle máis valor escollemos un traballo que non está traducido ao castelán e xestionamos, do propio Heidegger, un prólogo especial para a tradución galega. Xa comprendes facilmente que este plan responde a unha imprescindible e inapreciable “política da lingua” que debemos levar a cabo con rigor. *(Adaptación)*

🔗 Contextualizando coa época de Ramón Piñeiro, un dos medios de comunicación máis habituais era a correspondencia por carta (a súa biografía é completada coas cartas escritas e recibidas por el ao longo da súa vida). Na secuencia didáctica que se expón a continuación faise unha proposta para traballar este texto informativo.

**1** Escoller algunha das propiedades máis relevantes deste tipo de texto para facer un breve estudo e reflexión (engádesse un exemplo como recurso para o profesorado):

- FUNCIÓN: informar, contar algo, comunicar.
- AUTOR/AUTORES: tan importante é esta propiedade neste texto que mesmo vai asinado. Queda constancia clara de quen é a autora ou o autor.

- RELACIÓN CO REAL: é total. Cóntanse emocións, experiencias, desexos etc.
- EXTENSIÓN: moi variable, desde breve a moi longa, aínda que non é habitual que sexa menor dunha páxina.
- FÓRMULAS FIXAS: de saúdo e de despedida: Benquerida/o amiga/o, Prezada/o amiga/o... Despídese atentamente, Espero ter pronto novas túas etc.
- TIPOGRAFÍA: manuscrita, non se escribe a ordenador cando é persoal. Segue a ser dos poucos textos nos que ten sentido escribir “á man”.
- FORMATO: é a disposición do texto no espazo gráfico. A data ponse na parte superior dereita; as fórmulas de saúdo e despedida á esquerda e con sangrado.
- USO POSTERIOR Á LECTURA: as cartas gárdanse, relense. É un texto moi emotivo, persoal. Ás veces, cando se tiran, é porque houbo unha rotura coa autora ou autor da correspondencia. As comerciais normalmente non se gardan, depende de se interesa ou non conservar a información.
- RELACIÓN TÍTULO-CONTIDO: non ten título.
- RELACIÓN IMAXE-TEXTO: non hai imaxe, aínda que ás veces se poidan empregar papeis de cores debuxados, etc., pero só fan de soporte.
- MODO DE LECTURA: primeiro hai unha identificación do destinatario e do remitente e logo do tipo de carta, se é persoal ou comercial. Moitas veces búscase un momento íntimo, de tranquilidade, para lelas. É unha lectura individual, a maior parte das veces porque é persoal. Tamén se volve ler para contestar con coherencia e responder as preguntas se as hai.
- SOPORTE: papel.


Desenvolver a mesma actividade para o correo electrónico e comparar as semellanzas e diferenzas entre ambos. A modo de exemplo:

- MODO DE LECTURA: rápido e contéstanse, polo xeral, nada máis lelos, aínda que a lectura por parte do receptor da resposta non sexa inmediata (iso ocorre no messenger).

- USO POSTERIOR Á LECTURA: bórranse porque ocupan espazo.
- RELACIÓN TÍTULO-CONTIDO: levan un título que anticipa o contido da mensaxe e trata de chamar a atención. Chámase asunto.
- SOPORTE: informático.
- ...

**2** Unha vez coñecidas as propiedades máis significativas deste texto, iniciar a comunicación con alumnado doutro centro escolar, a través da correspondencia nun contexto real<sup>2</sup>. Proceso:

- As primeiras cartas serán de presentación e colectivas.
- As cartas enviaranse por correo ordinario, en sobre con selo, e anotaranse correctamente os destinatarios e os remitentes.
- Despois da presentación, a correspondencia pasará a ser individual (do contrario, decae o interese) e manterase o tempo que o profesorado considere oportuno, pero respectando o compromiso adquirido. Un curso escolar é un período axeitado.
- A revisión das cartas antes de envialas permitirá efectuar un interesante traballo sobre ortografía, propiedades do texto, presentación, estilo, coherencia entre o destinatario e o receptor etc.



<sup>2</sup> Ana Fernández Chacón, "Correspondencia interescolar", *Aula de infantil*, 3, pp. 15-19. Desenvolve unha experiencia de correspondencia interescolar entre dous grupos de educación infantil ao longo dun curso escolar.

• En 1963 instaurouse o Día das Letras Galegas dedicado a Rosalía de Castro, no centenario da publicación de *Cantares Gallegos*. Explicaráselle ao alumnado o significado do día das Letras Galegas.

• A páxina web da Real Academia Galega (<http://www.realacademiagalega.org/>) é unha boa ferramenta para o labor de indagación do alumnado. Poden presentárselles as seguintes cuestións:

- 1 Localizar na páxina da Real Academia Galega os persoeiros homenaxeados en cada un dos anos.
- 2 Ver cantas mulleres escritoras hai entre eles e debater na aula as posibles causas deste desequilibrio.
- 3 Se se considera que hai algún escritor ou escritora merecente desta homenaxe, dirixir unha suxestión, debidamente argumentada, á Real Academia na sección Espazo aberto.

“Galegos, o futuro non ten por que ser coma ata agora, algo que vos acontece; o porvir pode ser, se vós queredes, un proxecto que vós mesmos iredes construíndo.”

Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Editorial Galaxia.

# Anexo

## ANEXO

*Los proyectos de trabajo responden a una intención organizada de dar forma al natural deseo de aprender. Parten de un enfoque globalizador abierto, para provocar aprendizajes significativos, partiendo de los intereses de los niños y las niñas y de sus experiencias y conocimientos previos". (Beatriz Trueba, 1998).*

### Cal é o papel do educador na metodoloxía de proxectos?

- Canalizar propostas.
- Organizar intereses.
- Enriquecer puntos de vista, facendo preguntas intelixentes e oportunas.
- Prever recursos.
- Avaliar a propia actividade e os novos coñecementos.

### Cal é o papel do alumnado?

- Axente activo: formula hipóteses sobre o mundo que o rodea, comproba a súa veracidade en contacto con outros individuos, establecendo conclusións que se van modificando.
- Protagonista da súa aprendizaxe.

### Fases dun proxecto segundo Carmen Díez Navarro:

- Elección do tema de estudo.
- Que sabemos e que queremos saber.
- Comunicación das ideas previas e contraste entre elas.
- Busca de fontes de información.
- Organización do traballo.

- Fixación de obxectivos.
- Primeira distribución do tempo.
- Organización do espazo e dos recursos.
- Organización das actividades.
- Establecemento de pautas de colaboración coas familias e co contorno.
- Realización das actividades.
- Elaboración dunha recompilación.
- Avaliación do realizado.

### Estas fases resúmeas Donna Ogle nas seguintes:

- Listaxes (que sabemos?, que queremos saber?).
- Busca de información.
- Consulta dos materiais.
- Elaboración do texto (por parellas ou tríos).
- Edición. Presentación (uso social).
- Ampliación das listaxes.

### Bibliografía recomendada para saber máis sobre o tema de proxectos:

Díez Navarro, C. (1998): *La oreja verde de la escuela. Trabajo por proyectos y vida cotidiana en la escuela infantil*. Madrid. Ediciones de la Torre.

Hernández, F. e Ventura, M. (2005): *La organización del currículum por proyectos de trabajo. El conocimiento es un calidoscopio*. Barcelona. Graó.

